

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

4001 *Real decreto 92/2018, do 2 de marzo, polo que se regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación cos fondos europeos agrícolas, Feoga e Feader.*

O Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, polo que se regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación co Feoga-Garantía, estableceu o réxime xurídico dos organismos pagadores dos gastos financiados con cargo á sección Garantía do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (Feoga) e do organismo de coordinación, así como da responsabilidade financeira derivada da súa xestión e control.

Pola súa parte, o Real decreto 521/2006, do 28 de abril, polo que se establece o réxime dos organismos pagadores e de coordinación dos fondos europeos agrícolas, permitiu a realización de cambios organizativos e a súa adecuación ás estruturas do esquema de financiamento da política agrícola común.

No marco legal da Unión Europea para o período financeiro 2014-2020, o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 352/78, (CE) n.º 165/94, (CE) n.º 2799/98, (CE) n.º 814/2000, (CE) n.º 1290/2005 e (CE) n.º 485/2008, do Consello, establece que a execución dos gastos do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feoga) e do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) se realizará mediante xestión compartida entre os Estados membros e a Unión Europea.

O mencionado regulamento da Unión Europea tamén dispón que os organismos pagadores son os servizos ou organismos dos Estados membros responsables da xestión e control dos gastos dos dous fondos citados. Así mesmo, posibilita a designación de varios organismos pagadores e, nestes casos, establece a necesidade de crear un único organismo de coordinación. Por tanto, cómpre unha eficiente coordinación entre os organismos pagadores e a Administración xeral do Estado co fin de comunicar en prazo toda a información que, previamente, require dunha análise e estudo en profundidade e que é solicitada polas institucións da Unión Europea en investigacións e nos procedementos de liquidación de contas, liquidación de conformidade e procedemento de conciliación, de forma que a dita información cumpra os requisitos exixidos polas institucións e sirva para minimizar calquera consecuencia financeira.

O artigo 287 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (TFUE), adoptado en Lisboa, o 13 de decembro de 2007, que recolle as súas atribucións, establece que nos Estados membros o control se efectúa en colaboración cos órganos ou servizos nacionais competentes. Estes órganos teñen a obriga de comunicar ao Tribunal de Contas Europeo os documentos ou información que este considere necesarios para o cumprimento da súa misión.

Por tanto, tamén se fai necesaria unha eficiente coordinación entre os organismos pagadores e a Administración xeral do Estado co fin de comunicar no prazo solicitado polo Tribunal de Contas Europeo toda a información necesaria para o cumprimento da súa misión.

O Real decreto 515/2013, do 5 de xullo, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do dereito da Unión Europea, derrogou os artigos 12, 13, 14 e a disposición adicional segunda do Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, e estableceu a determinación da responsabilidade dos organismos pagadores e da Administración xeral do Estado no ámbito das súas competencias, por incumprimento do dereito da Unión Europea, nos casos dos fondos europeos agrícolas.

O Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, establece, no seu artigo 41, as circunstancias en que a Comisión Europea pode reducir ou suspender pagamentos mensuais ou intermedios. Pola súa vez, o artigo 42 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, determina que se a lexislación agrícola sectorial exige aos Estados membros presentar, nun prazo determinado, información sobre o número de controis efectuados en virtude do artigo 59 e os seus resultados, e se os Estados membros superan o dito prazo, a Comisión poderá suspender os pagamentos mensuais, a que se refire o artigo 18, ou os pagamentos intermedios indicados no artigo 36.

Por outro lado, o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, establece, no seu artigo 51, que a Comisión adoptará actos de execución que conteñan a súa decisión con respecto á liquidación de contas dos organismos pagadores autorizados e, de acordo co artigo 52, determinará os importes que deban excluírse baseándose na importancia da desconformidade comprobada, fundamentándose a dita exclusión na determinación dos importes pagados indebidamente e, cando estes non poidan determinarse mediante un esforzo proporcionado, na aplicación de correccións mediante extrapolación ou a tanto global.

Así mesmo, en cumprimento da referida normativa da Unión Europea, cómpre habilitar o procedemento administrativo, por unha parte, regulador da fase interna dun procedemento comunitario de conformidade, previo á realización pola Comisión das correccións financeiras, e que ofrece a oportunidade de proporcionar probas e argumentos que poden contradicir as súas conclusións iniciais e, por outra parte, prever a posibilidade de acudir ante o órgano de conciliación, destinado a conciliar a posición entre a Comisión e o Estado membro se non pode alcanzarse ningún acordo no marco do procedemento de conformidade.

Por último, cómpre incorporar as novidades recollidas no Regulamento de execución (UE) n.º 908/2014 da Comisión, do 6 de agosto de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, en relación cos organismos pagadores e outros organismos, a xestión financeira, a liquidación de contas, as normas relativas aos controis, ás garantías e á transparencia, o establecemento de prazos para a remisión da documentación que teña que xuntar o Estado membro á Comisión Europea ou ao órgano de conciliación, se for o caso, e a cal obriga a responder en prazos fixados no citado regulamento.

O Estatuto do Fondo Español de Garantía Agraria, aprobado polo Real decreto 1441/2001, do 21 de decembro, atribúelle, entre outros fins, actuar como interlocutor único ante a Comisión Europea para aquelas cuestións relativas ao financiamento da política agrícola común e á coordinación financeira do sistema de prefinanciamento nacional dos gastos dos fondos europeos agrícolas e do proceso de liquidación de contas destes.

Tendo en conta o anterior, considérase conveniente derrogar o Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, e o Real decreto 521/2006, do 28 de abril, e aprobar un real decreto co obxecto de adecuar o marco normativo consagrado no Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e establecer o réxime relativo aos organismos pagadores dos gastos do Feaga e do Feader, as súas relacións co organismo de coordinación, así como a coordinación nas investigacións das institucións da Unión Europea, na liquidación de contas, no procedemento da liquidación de conformidade e no procedemento de conciliación.

Este real decreto axústase aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, xustifícase esta norma na necesidade de establecer un réxime dos organismos pagadores e de coordinación cos fondos europeos agrícolas, Feaga e Feader. Cúmrese o principio de proporcionalidade e a regulación límitase ao mínimo imprescindible, en coherencia co actual marco xurídico nacional e da Unión Europea referente á xestión e control dos gastos agrícolas do Feaga e do Feader. Finalmente, en aplicación do principio de eficiencia, evítanse cargas administrativas innecesarias e racionalízase a xestión de recursos públicos na consecución dos fins descritos.

Para a tramitación deste real decreto consultáronse as comunidades autónomas e foi sometido a consulta e a audiencia pública.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de marzo de 2018,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e definicións.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer o réxime xurídico dos organismos pagadores dos gastos financiados con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e do organismo de coordinación, así como os mecanismos para facer efectiva a coordinación.

2. Para efectos do previsto neste real decreto, enténdese por:

a) Organismo pagador: o servizo ou organismo autorizado pola autoridade competente para a xestión e control do pagamento de gastos con cargo ao Feaga e ao Feader.

b) Organismo de coordinación: o organismo encargado das seguintes funcións, no ámbito establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 352/78, (CE) n.º 165/94, (CE) n.º 2799/98, (CE) n.º 814/2000, (CE) n.º 1290/2005 e (CE) n.º 485/2008, do Consello:

1.ª A coordinación financeira do sistema de prefinanciamento nacional dos gastos dos fondos europeos agrícolas e do proceso de liquidación de contas destes.

2.ª Recompilar a información que se debe pór á disposición da Comisión Europea ou do Tribunal de Contas Europeo e transmitirllela a estes.

3.ª Adoptar ou coordinar, en función do caso, accións destinadas a resolver as deficiencias de carácter común e manter informada a Comisión Europea do seguimento.

4.ª Fomentar a aplicación harmonizada da lexislación da Unión Europea.

c) Autoridade competente: a encargada de emitir e retirar a autorización dos organismos pagadores nos termos establecidos nos artigos 7 e 8 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

CAPÍTULO II

Organismos pagadores e organismo de coordinación

Artigo 2. *Organismos pagadores.*

1. O Fondo Español de Garantía Agraria, Organismo Autónomo (FEAGA, O.A.) é o organismo pagador de ámbito nacional, respecto das actuacións en que o Estado teña competencia de xestión e control do pagamento de gastos, con cargo aos fondos europeos Feaga e Feader.

2. As comunidades autónomas disporán dun único organismo pagador das axudas respecto das que teñan competencia de xestión e control do pagamento do gasto, con cargo aos fondos europeos Feaga e Feader, nos termos e condicións previstos no Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Artigo 3. *Organismo de coordinación.*

1. O FEAGA, O.A. será o organismo de coordinación para os efectos do previsto no artigo 1.2.b) e será o único representante de España ante a Comisión Europea e outras institucións da Unión Europea para todas aquelas cuestións relativas ao Feaga e ao Feader, nos termos previstos no artigo 7 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

2. Cando o FEAGA, O.A. actúe como organismo de coordinación, deberá adoptar as medidas necesarias para diferenciar a dita actuación da de organismo pagador.

Artigo 4. *Autoridade competente e criterios de autorización.*

1. No ámbito da Administración xeral do Estado, a autoridade competente é o titular do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

2. Corresponde ás comunidades autónomas determinar a autoridade competente para autorizar o seu organismo pagador.

3. Os criterios de autorización de cada organismo pagador serán revisados pola autoridade competente respectiva, de acordo coas obrigacións derivadas do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e disposicións complementarias.

Artigo 5. *Comunicacións e información.*

1. Cada comunidade autónoma comunicará ao organismo de coordinación a identidade da autoridade competente a que fai referencia o artigo 4.2 e remitirá, unha vez designado o organismo pagador, a acta de autorización e toda a información que deba transmitirse á Comisión Europea, en virtude da normativa da Unión Europea.

2. Para os efectos de coordinar e harmonizar o contido e a forma da información que se debe subministrar á Comisión Europea, cada organismo pagador debe facilitar ao organismo de coordinación canta información sexa necesaria para o cumprimento:

a) Das obrigacións impostas por normativa comunitaria, en especial das contas de ingresos e pagamentos, dos procedementos de liquidación de conformidade e de conciliación.

b) Dos deberes de información necesaria para a elaboración ou proposta das medidas e normas pertinentes.

3. A información definitiva a que se refire o número anterior deberá ser remitida no prazo de cinco días antes do vencemento dos prazos oficiais establecidos na normativa da Unión Europea, excepto o suposto establecido no artigo 9.2. Non obstante, poderase realizar en tres días se afecta un só organismo pagador, nos procedementos de liquidación de conformidade e de conciliación.

4. Así mesmo, o organismo pagador comunicará ao organismo de coordinación a información requirida por calquera institución da Unión Europea, en especial polo Tribunal de Contas Europeo, segundo os prazos establecidos no número 3, en virtude dos prazos máximos que establezan as ditas institucións.

5. O organismo de coordinación, no ámbito das súas competencias, informará regularmente os organismos pagadores sobre os asuntos tratados nas institucións da Unión Europea nos prazos e forma que este determine.

6. Para os efectos de que o organismo de coordinación poida dar cumprimento á función establecida no artigo 7 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento e do Consello, do 17 de decembro de 2013, cada organismo pagador comunicará a relación de todos os beneficiarios e os pagamentos que recibiron do exercicio financeiro en curso, con cargo ao Feaga e ao Feader, ao menos en dúas ocasións: unha, durante o mes seguinte ao sexto mes do exercicio financeiro e outra, despois do peche do exercicio de forma que estes poidan ser declarados para a presentación das contas anuais.

Non obstante, no caso de que a dita información sexa requirida pola Comisión Europea ou o Tribunal de Contas da UE, estes datos comunicaranse segundo os prazos establecidos nos números 3 e 4.

7. Así mesmo, o organismo de coordinación deberá facilitar ao organismo de certificación canta información sexa necesaria para dar cumprimento á certificación da conta a que se refire o artigo 6.3.

Artigo 6. *Certificación das contas.*

1. A Intervención Xeral da Administración do Estado será o organismo de certificación encargado de emitir un ditame sobre a integridade, exactitude e veracidade das contas anuais, sobre o correcto funcionamento do sistema de control interno e sobre a legalidade e corrección do gasto para o cal se solicita o reembolso á Comisión, de acordo co previsto no artigo 9 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, respecto das actuacións propias da Administración xeral do Estado desenvolvidas polo FEAGA, O.A.

2. Cada comunidade autónoma, tras a autorización do seu organismo pagador, designará, igualmente, un organismo de certificación que, pola súa vez, deberá emitir un ditame segundo se establece no artigo 9 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, respecto das actuacións do seu organismo pagador.

3. A Intervención Xeral da Administración do Estado baseándose, se for o caso, nos certificados emitidos polos correspondentes órganos de certificación de cada organismo pagador, emitirá un certificado de integridade, exactitude e veracidade dunha conta única antes da remisión das contas dos organismos pagadores á Comisión Europea por parte do organismo de coordinación.

Artigo 7. *Obrigacións dos organismos pagadores.*

1. De conformidade co establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, os organismos pagadores deberán ofrecer garantías suficientes de que:

- a) Antes de emitiren a orde de pagamento, controlan que as solicitudes cumpren os requisitos necesarios e se axustan ao establecido na normativa comunitaria e nacional.
- b) Os pagamentos efectuados se contabilizan de forma exacta e exhaustiva.
- c) Os documentos exixidos se presentan dentro dos prazos e na forma prevista na normativa comunitaria e nacional.
- d) Dispoñen dos documentos xustificativos dos pagamentos efectuados e dos documentos relativos á execución dos controis administrativos e sobre o terreo obrigatorios.

Artigo 8. *Relacións entre organismos pagadores.*

1. Os organismos pagadores constituídos dentro do territorio nacional poderán relacionarse directamente entre si, con independencia do seu ámbito de actuación.

2. As relacións e comunicacións destes con organismos pagadores doutros Estados membros, coa Comisión Europea ou con outras institucións da Unión Europea efectuaranse, en todo caso, a través do organismo de coordinación.

Artigo 9. *Contabilidade.*

1. Os organismos pagadores levarán unha adecuada contabilidade dos pagamentos e ingresos efectuados e, se for o caso, dos produtos, almacenados de tal modo que permita a elaboración, dentro dos prazos establecidos, dunha conta anual de todas as operacións con cargo ao Feaga e ao Feader.

2. A remisión da conta prevista no número anterior, por parte dos organismos pagadores ao organismo de coordinación, realizarase acompañada de todos os

documentos necesarios e, ao menos, 7 días antes do vencemento dos prazos oficiais establecidos na normativa da Unión Europea.

3. Para os efectos do artigo 6.3, entenderase por conta única un único ficheiro de declaración anual de todos os organismos pagadores que inclúa os importes totais desagregados por organismo pagador xunto cos códigos orzamentarios, tanto para as medidas do Feaga como do Feader.

Artigo 10. *Anticipo de fondos aos organismos pagadores.*

1. Os órganos pertinentes da Administración xeral do Estado, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán establecer os mecanismos necesarios para atender o prefinanciamento nacional dos pagamentos con cargo ao Feaga e ao Feader.

2. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente poderá subscribir convenios de colaboración cos órganos competentes das comunidades autónomas para garantir o anticipo dos seus organismos pagadores dos pagamentos con cargo ao Feaga e ao Feader.

3. Os fondos anticipados aos organismos pagadores das comunidades autónomas ingresarán nunha conta única e específica para cada fondo. A dita conta devindicará xuros nas condicións normais de mercado. Os xuros devindicados por esta conta liquidaranse ao Tesouro Público trimestralmente, a través do organismo de coordinación.

4. Desde a conta única e específica para cada fondo anticipado semanalmente, os organismos pagadores efectuarán os pagamentos correspondentes aos expedientes aprobados e autorizados da dita semana.

5. Cando algún expediente preparado para o pagamento non poida facerse efectivo, o organismo pagador regularizará a falta de coincidencia entre pagamentos e solicitude de fondos nas solicitudes correspondente ás dúas seguintes semanas, incluíndo como cantidade negativa as cantidades correspondentes nas liñas afectadas polos pagamentos non realizados para a súa compensación coas novas solicitudes que se efectúen.

En caso necesario, a compensación realizarase parcialmente cos pagamentos previstos na semana e deixaránse para semanas sucesivas, a medida que o vaian permitindo os pagamentos que se realicen, as compensacións restantes nun máximo de catro semanas desde a data de petición de fondos.

Non obstante, no caso de que non poidan compensarse as solicitudes de fondos no citado prazo máximo de catro semanas, o organismo pagador devolverá os fondos sobrantes, logo de comunicación ao organismo de coordinación.

6. No caso de que o organismo pagador non proceda á súa devolución, o organismo de coordinación solicitará ao organismo pagador as devolucións. Se non é devolto o importe na semana seguinte, o organismo de coordinación poderá non anticipar fondos a partir das seguintes peticións.

CAPÍTULO III

Procedementos de relación coa Unión Europea

Artigo 11. *Investigacións de institucións da Unión Europea.*

1. O organismo de coordinación poderá acompañar os organismos pagadores cando o considere necesario ou as comunidades autónomas así o requiran, xustificando o requirimento, nas investigacións que as institucións da Unión Europea realicen nas comunidades autónomas no ámbito dos fondos europeos agrícolas.

2. O organismo de coordinación será o responsable de informar os organismos pagadores das observacións que as institucións da Unión Europea realicen aos diferentes organismos pagadores.

Cando as investigacións afecten varios organismos pagadores, o organismo de coordinación establecerá e informará a parte que afecte cada un deles para que se poida identificar e responder claramente a cada un dos puntos.

Artigo 12. *Procedemento de liquidación de conformidade.*

1. O organismo de coordinación, no ámbito das súas competencias, dará traslado aos organismos pagadores, do requirimento de información que, no marco do procedemento previsto no artigo 52 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, efectúe a Comisión Europea, e sinalará, para tal efecto, os prazos previstos para a presentación da dita información, conforme o sinalado no artigo 5.3, a cal se realizará a través da tramitación electrónica que estableza o organismo coordinador na súa sede electrónica.

2. A información que, para o efecto, deban remitir os organismos pagadores en resposta á carta de observacións da Comisión Europea que especifica as medidas correctoras e indica o nivel provisional da corrección financeira, deberá basearse nunha verificación de importes sobre a base dun exame de todos os casos individuais afectados pola non conformidade, que cubra a totalidade do gasto afectado e aqueles importes individuais que non estean afectados pola dita non conformidade.

Cando os supostos importes da corrección financeira non se poidan identificar, os organismos pagadores poderán presentar un cálculo do importe que se deba excluír do financiamento, extrapolando a través de medios estatísticos os resultados dos controis efectuados sobre unha mostra representativa destes casos. A mostra extraerese da poboación con respecto á cal sexa razoable pensar que se produza a non conformidade identificada.

Os organismos pagadores informarán o organismo de coordinación dos importes efectivamente recuperados dos beneficiarios e aboados aos fondos para a súa toma en consideración no marco do procedemento de liquidación de conformidade, para os efectos da súa posible dedución do importe que a Comisión Europea decida excluír do financiamento.

3. O organismo de coordinación remitirá á Comisión Europea canta información adicional lle sexa requirida a partir da subministrada, en prazo e forma para o efecto, polos diferentes organismos pagadores afectados. Non obstante, no caso de remitir observacións á acta da reunión bilateral coa Comisión Europea, os organismos pagadores enviarán as súas observacións ao organismo de coordinación no prazo de 3 días antes do vencemento dos prazos establecidos pola Comisión Europea.

Artigo 13. *Procedemento de conciliación.*

1. O organismo de coordinación comunicará, no ámbito das súas competencias, aos organismos pagadores a posibilidade de acudir ao órgano de conciliación, previsto no Regulamento de execución (UE) n.º 908/2014 da Comisión, do 6 de agosto de 2014, nos prazos e condicións previstos na normativa da Unión Europea, e formulará, se for o caso, as suxestións ou consideracións que considere oportunas, a través da tramitación electrónica que estableza o organismo de coordinación na súa sede electrónica.

2. Os organismos pagadores, no caso de que decidan acudir ao órgano de conciliación, comunicaranllo ao organismo de coordinación, dentro dos prazos previstos, motivando a súa solicitude e achegando, se for o caso, argumentos e información adicionais aos xa utilizados neste procedemento.

3. O organismo de coordinación participará no exercicio das funcións que ten atribuídas conforme o disposto no artigo 1.2.b) e indicará os prazos previstos para a presentación de información, se for o caso, conforme o sinalado no artigo 5.3.

Disposición adicional primeira. *Referencias do Real decreto 515/2013, do 5 de xullo, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do dereito da Unión Europea.*

As referencias realizadas pola disposición adicional quinta do Real decreto 515/2013, do 5 de xullo, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do dereito da Unión Europea, aos

artigos 2, 3.1 e 5 do Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, polo que se regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación co Feoga-Garantía, entenderanse realizadas aos correspondentes artigos de igual número do presente real decreto.

Disposición adicional segunda. *Anticipos por conta da Unión Europea.*

As actuacións do FEGA, O.A. relacionadas coa Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 12 de setembro de 1996 pola que se regulan os fluxos financeiros entre a Comunidade Europea e a Administración xeral do Estado, seguiranse desenvolvendo dentro do marco establecido pola citada norma.

Disposición adicional terceira. *Non incremento do gasto público.*

A aplicación do disposto neste real decreto non implicará incremento do gasto público, e as funcións e os gastos serán asumidos polos recursos humanos e medios materiais destinados ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogados o Real decreto 327/2003, do 14 de marzo, polo que se regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación co Feoga-Garantía, e o Real decreto 521/2006, do 28 de abril, polo que se establece o réxime dos organismos pagadores e de coordinación dos fondos europeos agrícolas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e aplicación.*

Facúltase o titular do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para ditar cantas disposicións sexan necesarias no ámbito da súa competencia para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de marzo de 2108.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA